

**Un tema iconográfico da Idade Media:
a caza do porco bravo**

ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ
Museo das Mariñas (Betanzos)

Fernán Pérez de Andrade, fillo de Rui Freire de Andrade e de Inés González de Soutomaior, era un nobre de segunda fila que chegou a ser o cabaleiro máis importante de Galicia na segunda metade do século XIV. Para comprendelo hai que ter presente o seguinte: 1) contou sempre co apoio de seu pai; 2) casou moi ben a primeira vez con Sancha Rodríguez, filla de Aras Pardo, un dos nobres máis importantes das Mariñas (con ela tería dúas fillas, María Fernández e Inés Fernández, monxas en Santa Clara en Compostela, e un «fillo herdeiro» que morrería); e 3) participou cun exército propio na guerra civil entre Pedro I e Enrique de Trastámara, tendo a habilidade de quedar ao remate do lado do vencedor, Enrique, a quen axudou a matar a Pedro I (segundo algún cronista) na pantomima de torneo que se fixo en Montiel (23-III-1369) cando o rei Pedro estaba prisioneiro. O caso é que o señorío de Andrade se converteu nun dos máis importantes de Galicia: Ferrol, Pontedeume, Neda, Cedeira, Ortigueira, Viveiro, Vilalba...

Fernán Pérez tivo a necesidade de aparecer ante a sociedade como un gran cabaleiro. Seguindo a estela de Afonso X, mandou facer a versión galega da *Crónica Troiana*, mais tamén, quizais para facerse perdoar por Deus dos seus actos en Montiel, mandou facer sete igrexas, sete mosteiros, sete hospitais, sete pontes sobre ríos caudalosos... O número sete aparece a miúdo na Biblia cun fondo contido simbólico, polo que é razoable pensar que Andrade quería contrarrestar un mal cun ben. Mais non era suficiente: faltaba o seu sepulcro e para iso elixiu a igrexa (e mosteiro) de San Francisco de Betanzos, que construíu á súa medida, converténdoa nun panteón familiar case real. Alí, na ábsida, e sobre dous grandes leóns, situaría o sepulcro da súa primeira muller¹, Sancha Rodríguez e, fronte a el, o seu, que se baseou no seguinte: 1)

¹ ERIAS MARTÍNEZ, A., «Xente da Baixa Idade Media (III): Sancha Rodríguez, muller de Andrade e Nuño Freire, Mestre de Christus», en *Anuario Brigantino 1991*, 14 (1992).

imitación temática dos sepulcros portugueses, ao que se engade a influencia das crónicas venatorias portuguesas de reis e príncipes; 2) imitación temática e estilística de sepulcros romanos; 3) invento dos soportes do sarcófago en forma de oso e porco bravo a partir da influencia da crónica do Infante D. João, logo João I, do que era amigo persoal, e tamén imitando os verróns antigos da Península; 4) utilización obsesiva do porco bravo e, en menor medida, do oso, como emblema persoal.

A CRÓNICA DE DON DINIS E O OSO

A crónica do enfrontamento vitorioso de D. Dinis (rei de Portugal desde 1279 a 1325) cun oso é fundamental, porque non conta soamente un feito heroico sen máis, senón que o enmarca nun contexto relixioso e milagroso. Claramente, imítanse aquí modelos clásicos, como o do porco bravo de Calidón². A crónica é un produto de propaganda política, unha narración en que D. Dinis debía figurar como un heroe, á vez que interviña a santidadade da súa esposa. Todo isto enténdese no contexto de febleza inicial do seu reinado, ao que chegou a través dunha guerra civil e nos problemas que tiña coa Igrexa, derivados da excomuñón de seu pai, polo que se manterían os templos pechados ata 1289.

A crónica empeza cun amplo circunloquio onde, logo de situar o papel de Deus como desencadeante do feito, expón as calidades de San Luís, fillo primoxénito de Carlos II, rei de Francia e bispo de Tolosa, a través de quen Deus obraba «espantosos milagres». Segue coa «Santa Rainha», parenta do santo, do que tiña gran devoción, referindo frecuentemente os seus milagres, e conta logo a caza do oso, que non tivo testemuñas:

«Como a caça é uma laboriosa semelhança da guerra, e el rei [era] inclinado ao robusto exercicio da caça, estando na cidade de Beja saiu ao monte, achando-se distante dos que o acompanhavam na montaria, lhe saiu ao encontro no sitio de Belmonte, junto ao rio Guadiana, um urso, que por sua grandeza e ferocidade era terror dos homens e das feras, e já conhecido naquelles bosques pelos repetidos estragos. Empenhado o valor del rei com o furor do bruto, o seguiu a cavallo para honrar com a sua lança a sua morte. Vendo-se elle acoassado, se poz com feroz instincto detrás de uma quebrada penha, e passando el rei, arremetendo a elle con toda a furia, o lançou impensadamente na terra, para lhe tirar ferozmente a vida. Ficou el rei prostrado, mas não rendido; e conhecendo o perigo, sem que se lhe alterase o valor, procurava, como se fosse David, despedaçar com as mãos aquella fera, e lembrando-lhe, entre a perigosa contenda, os milagres que a Santa Rainha referia do

² APOLODORO, *Libro I*, 65-71.

santo bispo de Tolosa, implorou, com toda a devoção, o seu socorro; e apenas o tinha implorado, quando lle apareceu o santo, vestido no humilde habito de sua religião, com a mitra pontifical na cabeça, e lle disse que com o punhal que trazia na cinta podia alcançar a victoria. Com este aviso cobrou el rei, senão o animo que não tinha perdido, o acordo que tinha perturbado; e desembainhando com animosa destreza o punhal luzente, o cravou com valorosa felicidade no ombro direito do animal disforme, e se levantou victorioso, livrando-se a si do perigo, aquelles contornos do dano»³.

Depois, o rei monta no seu cabalo para xuntarse cos «monteiros» e atópase cun «lavrador melancólico» que se queixa de que un dos que servían o rei lle levou unha vaca sen compensalo. D. Dinis, daquela, mandoulle ao culpable satisfacer o dano e, ademais, castigouno coa morte. Nace así nesta crónica, de evidente propaganda multifuncional, o mito do rei labrador e xusticeiro, defensor dos débiles. Ademais, constrúese unha hermidia e mesmo se fala da aparición espontánea dunha fonte de augas medicinais e «milagrosas» no lugar, co que xa temos os elementos dunha romaría clásica. E, do mesmo xeito que no texto do porco bravo de Calidón, tamén hai unha alusión á «horriovel pelle» (pel) da fera:

«e se não mandou em testemunho do milagre, pendurar no sagrado templo ainda horriovel pelle, mandou no convento de S. Francisco, da cidade de Beja, edificar uma decente capella em memoria de sua gratificação; e para perpetuar em marmores o seu agradecimento, fez esculpir em um dos em que assenta o tumulo que oculta o seu cadaver, na sumptuosa egreja do real convento de S. Diniz, de Odivellas, um urso, debaixo do qual está um homem metendo-lhe um punhal pelos peitos»⁴.

Os efectos desta crónica foron de tal magnitude que no futuro non houbo rei portugués que non fose presentado nas crónicas, antes que nada, como un gran cazador. Mais, curiosamente, os sepulcros portugueses con escenas de caza non son de reis, posto que estes xa non necesitaban ningunha demostración.

FERNÃO SANCHES E O SEU SEPULCRO

Todos os sepulcros portugueses do séc. XIV con escenas de caza dependen tematicamente, en maior ou menor medida, do de D. Fernão Sanches, o primeiro,

³ CORREIA DE LACERDA, Fernando (Bispo de Porto), *Historia da vida, morte, milagres, canonização e trasladação de Santa Isabel, sexta Rainha de Portugal*, Lisboa, 1860, pp. 72-74.

⁴ *Ibidem*.

orixinario de Santarém e hoxe no *Museu do Carmo* en Lisboa. Fillo bastardo do rei D. Dinis, dise del que morreu polos «ferimentos que recebeu de um porco montês em uma caçada em Almerim»⁵. Na fronte do sarcófago desenvólvese unha cazaría que se move dos extremos ao centro, en que D. Fernão Sanches aparece de dúas maneiras: 1) como «mestre de falcoaria» a caballo, algo moi recoñecido nas clases poderosas da época desde a cruzada do Emperador Federico II (1194-1250) que deu como resultado a obra *De arte venandi cum avibus*; e 2) á maneira antiga, alanceando o porco bravo mentres cabalga. O tema do cabaleiro alanceando o porco bravo atopámolo en sarcófagos romanos, e é unha escena non moi diferente da que vemos nun dos medallóns de época flavia reutilizado no arco de Constantino. A figura do emperador de Roma da estatua ecuestre de Marco Aurelio é un referente esencial para a creación da imaxe do novo cabaleiro cristián. Ademais, hai un precedente próximo: o Santiago Matamouros (séc. XIV) de Cacém, no Alentexo.

SEPULCRO DE GOMES MARTINS SILVESTRE

O segundo sepulcro en utilizar motivos de caza en Portugal foi o de Gomes Martins Silvestre, de Monsaraz. A lenda incompleta que rodea a tapa do sepulcro di: «AQUI JAZ GOMEZ MARTINS VASALO DEL REI FILHO DE MARTIM SILVESTRE O QUAL GOMEZ MARTINS...»⁶. Gomes Martins era un home poderoso, fillo do «homem boon» Martim Silvestre, finado no 1341. El debeu morrer arredor de 1361-71.


O sarcófago, de mármore branco, ten nun dos seus laterais unha escena de cetraría que é unha copia, con poucas modificacións, da do sepulcro de D. Fernão Sanches. Iso si, hai un maior esquematismo e a lectura xeral da escena cambia. Ao remate, o que importaba era a pose do cabaleiro como «mestre de falcoaria», imaxe de prestixio que está de moda.

SEPULCRO DE D.^a BRANCA DE SOUSA OU DE D.^a TERESA ANES DE TOLEDO


O terceiro sarcófago é o que se considerou como de D.^a Branca de Sousa, primeira esposa do Conde de Barcelos, mais tamén se adxudica a D.^a Teresa Anes de Toledo,

⁵ ESTEVES PEREIRA, Francisco Maria (ed.), *Livro da montaria feito por D. João I, Rei de Portugal, conforme o manuscrito n.º 4352 da Biblioteca Nacional de Lisboa*, Coimbra, Universidade, 1918, p. 454.


⁶ ESPANCA, Tulio, *Inventário artístico de Portugal: Distrito de Évora. Concelhos de Alandroal, Borba, Mourão, Portel, Redondo, Reguengos de Monsaraz, Viana do Alentejo e Vila Viçosa*, Lisboa, Academia Nacional de Belas-Artes, 1978, p. 369.



- 1.- Sepulcro de D. Fernão Sanches (Museu do Carmo, Lisboa).
- 2.- Sepulcro de Gomes Martins Silvestre (Monsarz).



- 3.- Sepulcro de D.^a Branca de Sousa ou de D.^a Teresa Anes de Toledo (Museu de Lamego).



- 4.- Sepulcro do Conde de Barcelos (San João de Tarouca). Debuxos: Erias©

companheira do Conde, falecida en 1351⁷. É orixinario da igrexa mosteiral de San João de Tarouca e hoxe está no Museo de Lamego. A diferenza dos sepulcros anteriores, é de granito e escúlpanse escenas de caza nas dúas fronte do sarcófago. Agora ben, xógase cos mesmos elementos do sepulcro de D. Fernão Sanches: o cabaleiro como falcoeiro nunha fronte, e o mesmo cabaleiro como vencedor do porco bravo na outra.

SEPULCRO DO CONDE DE BARCELOS

O mesmo obradoiro, e tamén en granito, é o que realizou o sepulcro de Don Pedro, Conde de Barcelos, cuarto con escenas de caza, situado na igrexa do mosteiro de San João de Tarouca, ao que deixou moitas posesións. Fillo bastardo do rei D. Dinis e D.^a Gracia Aires, naceu arredor de 1280-89 na vila de Torres Vedras, de onde era natural súa nai, e finou no seu pazo de Lalim (cerca de Lamego) no 1354. A escena da fronte do sarcófago é orixinal. Estrutúrase de maneira case simétrica: un can a cada lado, un monteiro (con «azcuma» e corno) e dúas árbores (carballos) tamén a cada lado; no centro, o motivo principal, en que un can morde unha pata traseira do descomunal porco bravo, outro mórdeo no colo e un «moço do monte» fêreo coa «azcuma», mentres avisa aos demais co corno ou bucina. A escena corre de esquerda a dereita, tamén o can que vai diante do porco, polo que a culminación semella estar na fronte posterior. Alí (a metade dereita está raída), atopámonos co cabaleiro cabalgando e alanceando no costado esquerdo un porco bravo enorme, acosado por un can, mentres o bosque aparece representado por tres árbores esquematizadas. A escena é unha versión da que vimos no sepulcro de seu medio irmán, D. Fernão Sanches e que xa se utilizara nunha das fronte do sarcófago da súa esposa ou compañeira. Faise o sepulcro do Conde de Barcelos nos últimos anos do reinado de Afonso IV e cando Pedro I, o seu fillo («grande caçador»), está a punto de subir ao trono (reinará de 1357 a 1367).

SEPULCRO DE VASCO ESTEVES GATUZ

No reinado de Pedro I faise o quinto e último sepulcro portugués con escenas de caza. É o de Vasco Esteves Gatuz, «escudeiro» de Estremoz (Alentexo), que estaba casado con Margarida Vicente⁸. Do seu testamento (1363) coñécense moitos outros familia-

⁷ NUNES COSTA, Mario Alberto, *Vasco Esteves de Gatuz e o seu túmulo trecentista em Estremoz*, Lisboa, Academia Portuguesa da História, 1993, p. 84.

⁸ Ídem.

res, mais moi pouco da súa inserción social. Esculpido en mármore branco con matices rosa da rexión, hai unha referencia ao sepulcro de D. Fernão Sanches no «moço do monte» da dereita, de pé e coa «azcuma», que suxeita coa man esquerda, mentres toca o corno ou bucina. O máis orixinal é ese «moço do monte» da esquerda que pega ou empurra cun pau a un can para que se enfrente ao porco bravo (pequeno). Mais, e esta é outra novidade, o cabaleiro, que ocupa o centro e a maior parte da escena, limitase a mirar ao espectador fachendosamente como «falcoeiro». Todo semella un fondo de asuntos venatorios onde, como nunha foto de estudo, os distintos elementos non teñen moito que ver co cabaleiro, que pousa altivo co seu falcón, mirándonos de fronte. Estamos no tempo en que o rei Fernando I (1367-1383) se define como gran *falcoeiro*.

A CRÓNICA DO INFANTE DOM JOÃO

Dom João nace en Lisboa o 11 de abril de 1357, sendo fillo bastardo do rei Pedro I e da galega Teresa Lorenço. Boa parte da súa vida será unha carreira de obstáculos para conseguir a coroa. Por ser bastardo, vive fóra da corte os primeiros anos ao coidado do galego Nuno Freire de Andrade (irmán de Fernán Pérez), mestre de Christus. Cando chega aos seis anos, é nomeado cabaleiro e investido na dignidade de mestre da orde de Avis. Ten novas funcións durante o reinado de Fernando I (1367-1383), seu medio irmán, mais tamén remata exiliado no 1382 por disputas coa súa cuñada, Leonor Teles. Cando morre Fernando I o 22 de outubro de 1383, ábrese unha crise dinástica moi importante: segundo o tratado de Salvaterra de Magos, o herdeiro debía ser o primoxénito de Xoan I de Castela e dona Beatriz (filla esta de Fernando I e Leonor Teles). Leonor Teles (a rexente), o alto clero e a nobreza queren que sexa raíña Dona Beatriz, mais a pequena nobreza, a burguesía e o pobo de Lisboa apoian a Don João en defensa da independencia de Portugal. Nese contexto (1383), D. João mata ao galego Conde de Andeiro, valido e amante de dona Leonor Teles, aos que se acusa de querer entregar o trono portugués ao rei de Castela.

En decembro de 1383 D. João é nomeado defensor e rexedor do reino, o que implica a invasión de Portugal por parte do rei de Castela, Xoán I, de maio a setembro do ano seguinte, seguida dunha retirada por causa da peste. É, pouco despois, nas Cortes de Coimbra, en marzo de 1385, cando o infante será rei co nome de João I, iniciando a segunda dinastía portuguesa, a de Avis. Mais, como consecuencia, o exército de Castela invade de novo Portugal ese mesmo ano, sendo derrotado definitivamente en Aljubarrota. João I alíase con Inglaterra mediante o matrimonio con Filipa de Lancáster e tamén chegará a conseguir a paz con Castela no 1411. No 1415 toma Ceuta, iniciando a expansión ultramarina portuguesa e despois aínda escribirá o famoso *Livro da Montaria*, do que non quedan máis que copias do texto. Morre o 14 de agosto de 1433.

A crónica que retrata a D. João, aínda infante, como un cazador heroico sitúase no reinado de seu medio irmán Fernando I. Escrita ou inspirada por Nuno Freire de Andrade, éralle moi favorable na súa pretensión á coroa, posto que tiña daquela un rival, o infante D. Denis⁹. A crónica cumpriu un importante papel propagandístico, aínda que, esta vez non se mesturan nela santos nin milagres, sen dúbida para que o plaxio con respecto á do rei D. Dinis non se vira demasiado evidente. D. João non só aparecerá ante o mundo como vencedor dun oso (como o rei D. Dinis), senón tamén dun porco bravo. E, como queira que logo D. João será rei, esta crónica e mesmo o moi posterior *Livro da Montaria* cumprirán unha nova función de cara aos portugueses e aos de fóra: a de xustificar que D. João tiña as calidades propias dun rei, posto que, como sabemos, iniciaba dinastía:

«aconteceo huum dia que o Iffante se emcomtrou com huum muj grande husso, e juntousse tanto a elle pollo ferir amamentente, que o husso, firmou bem seus pees, e levantou os braços por arrevatar da sella; e o Iffante quamdo esto vio, empicotousse tanto sobre a sella, que foi de todo sobre o arçom deamteiro, e o husso temdemdo as pomtas das mãos pollo filhar, alcançou o arçom derradeiro da sella tavarenha, segumdo estomçes husavom, e arramcou o arçom com huuma gramde aljava da amca do cavallo; e o Iffante por todo esto nom o leixou, e assi sem arçom e com o cavallo ferido voltou sobrelle pollo remessar, e numca se delle quitou, ataa que sobreveherom outros, e lho ajudarom a filhar nas azcumas.

Outra vez lhe aqueeçeo, que aprazou huum porco muj gramde, o qual achou com gram trabalho, fazemdoo amdar lomga terra amtre dia e noite, de que ficou muj canssado; e depois que o ouve çercado, mandou huum seu page, que lhe levava a azcuma, que fosse apressa chamar os de cavallo, e os monteiros, e toda vozaria, e que lhe trouessem dous alaãos; os quaaes amava tanto que os lamçava de noite comsigo na cama, e el em meo delles: humm avia nome branor [*Bravor* en outras traducións e máis abaixo], que lhe dera seu irmão, o meestre Davis; outro chamavam rabez [*Bravez* en outras traducións], lhe enviara Fernão Peres de Andrade, tio de Rui Freire de Galiza [...] E quamdo o porco assi naçeo, o outro alaão rabez [*Bravez*] deu huuma arrancada, e o bravor tevesse quedo; e quamdo rebez [*sic, Bravez*] vio que se o porco saya, e que o nom desatreellavom, fez huuma gramde arramcada per huum mesto mato, levamdo apos si o page, e o outro alaão. Ao soom disto acordou o Iffante, e quamdo vio o moço e os alaãos hir desta guisa, e o porco que se poinha em salvo, ouve tam gram sanha, que mayor seer nom podía, e foisse rijo com huum cuitello de caça fora da bainha, e cortou as treellas que hiam atadas no page: os alãos com as treellas cortas, forom filhar o porco em huum espesso arvoredado, e chegando o Iffante a elle, o porco se queria espedir dos allãos, que eram empeçados em huumas

⁹ LOPES, Fernão, *Crónica de D. Fernando*, Coimbra, Livraria Civilização, 1994?, pp. 265-266.



5.- Sepulcro de Vasco Esteves Gatz, «escudeiro» de Estremoz. Debuxo: Erias©

curtas carvalheiras, e em saímdosse o porco, nom querendo aguardar de justa, o Iffante o remessou; e emtom foi feita a mais fremosa azcumada de seu braço, que ataa li fora vista nem ouvjda amtre monteiros, por que as cuitellas da azcuma emtraram pellos polpoões da coxa, e cortarom os ossos e as juntas, e sahirom as cuitellas com toda a asta, pello conto da azcuma da outra parte da calluga da espada»¹⁰.

IMITACIÓN DE SEPULCROS ROMANOS

A aparición no séc. XIV en Portugal e Galicia de sepulcros con escenas de caza, soamente pode darse por referencia directa ou indirecta a sarcófagos romanos. Tense dito que o de *Caecilius Vallianus*¹¹ influíu no de Branca de Sousa, e tamén creo que non se debe descartar a influencia do de Azinheira neste e noutros sepulcros portu-

¹⁰ Ídem, pp. 267-268.

¹¹ MORALEJO, Serafin, «La reutilización e influencia de los sarcófagos antiguos en la España medieval», en *Colloquio sul reimpiego dei sarcofagi romani nel Medioevo*, Marburg/Lahn, Verlag des kunstgeschichtlichen Seminars, 1984.

gueses. Mais, aínda que posterior, será no sepulcro de Andrade onde veremos un maior achegamento a sarcófagos romanos dos séculos III-V, sobre todo franceses, tales como o do tímpano de Saint-Ursin (hoxe no Musée de Bourges), o de Déols (Indre), parecidos ao recentemente atopado (1974) de Trinquetaille (Arles), ou ao do séc. V do Musée des Augustins de Toulouse. No caso de Andrade hai unha fonte francesa antiga, por referencia e/ou por autor.

OSO E, SOBRE TODO, PORCO BRAVO NAS OBRAS DE ANDRADE

A influencia da crónica do infante D. João, logo João I, debeu ser considerable na utilización emblemática do oso e do porco bravo nas pontes e como soporte do seu sarcófago. O porco bravo, sobre todo, terá para Andrade unha presenza moi protagonista e aparece:

1. SOBRE AS PONTES QUE CONSTRUÍU

Os verróns que Andrade situou nelas teñen parecidos formais cos antigos da meseta, polo que hai quen pensa que son antigos, mais vaíamos por partes. Hóboos na ponte de Xubia e na Ponte do Porco (probablemente tamén en outras), pero desapareceron. Visitamos (Alberto López e máis eu) o verrón da ponte de Narahío e os dous de Pontedeume. O de Narahío, bastante deteriorado, podería pasar por un verrón prehistórico se se atopase na meseta, pero está aquí, acompañando con toda seguridade a un desaparecido oso. O feito de que no lombo teña a inscrición dunha cruz e diversas *coviñas*, sobre todo unha máis grande sobre a cabeza para posibles ofrendas, poderíanos facer crer que estamos diante dun animal totémico convertido nunha especie de outeiro (*altarium*) de orixe prehistórico. Sen embargo, eses elementos non demostran tal antigüidade por si mesmos: lembramos como a Pedra da Serpe (Gondomil), sendo certamente un *altarium* de orixe prehistórica, conserva sobre a *serpe*, que data posiblemente do séc. XVIII, algunha *coviña*, que, por tanto, é relativamente recente¹². En Pontedeume un dos animais esculpido é un oso e sobre o seu lombo vemos, como en Narahío, a inscrición dunha cruz e *coviñas*, destacando a que está sobre a cabeza.

O outro animal de Pontedeume é un porco bravo e sobre o seu lombo (recordando verróns antigos da meseta con inscricións funerarias latinas), esténdese a seguinte inscrición galega: «DA : ERA : DE : MIL E CCCLXXX : AN(os) DA : NACENÇA : DE : NOSO : SEN(n)OR : IESU : XPO : POR : ABRIL COMEÇADA E

¹² ERÍAS MARTÍNEZ, Alfredo, *Debuxos de Galicia: Cruceiros*, Betanzos, Briga Edicións, 1997.

ACABARONA : EM SEIS AN(os) ESTA (ponte)». A tradicional resta de 38 da era española (que comeza no 38 a. C.) para obter o ano de Cristo, non serve aquí, como non serve na datación con similar fórmula do sepulcro de Sancha Martiz na Colexiata de Santa M.^a do Campo da Coruña¹³. É un tempo de cambio no sistema de datación (Cortes de Segovia de 1383 nas que desaparece oficialmente a era hispánica) que produce fórmulas híbridas, mais o termo «NACENÇA» indica que o sistema pasou de «era» a anos do nacemento de Cristo. Por tanto, comezou a construírse no 1380 (apoxeo do poder de Andrade) e rematouse no 1386. O feito de que haxa un oso implica que non é un «verrón» prehistórico, posto que, segundo o catálogo de López Monteagudo¹⁴, os «verróns» son unicamente porcos bravos e touros case ao 50%. Por outra parte, a inscrición denota unha dobre función: conmemorativa e emblemática, posto que oso e porco bravo, sós ou en parella, como aquí, representan a Andrade. É máis que probable que Andrade vise verróns antigos nas súas andanzas. Mesmo puido ver o oso do sarcófago de D. Dinis no mosteiro de Odivelas.

O verrón das pontes semella a imaxe máis primitiva deste animal que utiliza Fernán Pérez e tamén a forma primeira de identificación do animal co cabaleiro (o mesmo se pode dicir do oso). Fernán Pérez, consciente ou inconscientemente, non deixa de adoptar tamén unha parte do vello significado do porco bravo pre e protohistórico, que máis que unha simple peza de caza, foi un deus protector e fertilizador coas derivacións conseguintes de porco bravo-guerreiro e, na morte, de porco bravo-psicopompo. Por tanto, o porco bravo das pontes é un porco bravo positivo, herdeiro formalmente dos verróns antigos, mais non é antigo. E a xente, con ofrendas sobre as coviñas dos seus lombos, debeu manter vivo algún tipo de culto ancestral, supervivente nas lendas e nos innumerables *outeiros* de Galicia¹⁵. De aí que alguén sentise en algún momento a necesidade de cristianizalos coa sinal da cruz, para que ao pasar entre eles deran boa sorte, apartando o temible mal de ollo.

2. COMO SOPORTE DO ESCUDO DE FERNÁN PÉREZ E DE IOHAN FREYRE

Andrade adopta o escudo que contén as palabras da Anunciación sobre a bordura (AVE MARIA GRATIA PLENA DOMINUS TECUM), que máis semellan que anuncian o seu advento como gran señor. A banda é unha herdanza de seu pai. E logo vén o elemento que resulta ser o que mellor singulariza a Andrade: o porco bravo que

¹³ ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, «Xente da Baixa Idade Media (I): Sete mulleres con rollo», en *Anuario Brigantino* 1987, 10 (1988), p. 98.

¹⁴ LÓPEZ MONTEAGUDO, Guadalupe, *Esculturas zoomorfas celtas de la Península Ibérica*, Madrid, CSIC, 1989.

¹⁵ MONTEAGUDO GARCÍA, Luis, «La religiosidad *callaica*: estela funeraria romana de Mazarelas (Oza dos Ríos, A Coruña), cultos astrales, priscilianismo y outeiros», en *Anuario Brigantino* 1996, 19 (1996).

soporta o escudo (non sempre). Así o vemos no que dá inicio ás escenas heroicas de caza do porco bravo nos relevos da ábsida de San Francisco de Betanzos. Ou tamén, e cos verróns de gran tamaño, nos que miran de oriente a occidente, na parte alta do muro que cerra o primitivo cruceiro de S. Francisco, e de cara ao arco que, nun segundo momento construtivo, se abriu sobre dúas capelas, agrandando o cruceiro cara ao norte e cara ao sur. Podería ser que esta ampliación a fixera aínda o propio Fernán Pérez e, desta maneira, o escudo e o porco bravo funcionarían como emblemas persoais reiterativos en memoria da obra.

O feito de que nas paredes do cruceiro próximas á ábsida de S. Francisco haxa na parte alta dous pequenos escudos de Iohan Freyre (sen banda), poderían indicar que unha parte importante da obra nesa zona estaría custeada por este, sempre e cando a banda non fose borrada despois da morte de Fernán Pérez, como ocorreu na ábsida. Mais o curioso é que debaixo deles tamén hai porcos bravos, o que implica que é un símbolo que puideron compartir os dous irmáns. Na igrexa de Santa María do Azogue, de Betanzos, na parte alta do gran arco de ingreso á ábsida, vemos á esquerda un gran verrón que sobresaí do muro, e á dereita, o escudo de Fernán Pérez. Neste caso, ao separar escudo e porco bravo, volve duplicar a mensaxe. Así mesmo, atopamos o porco flanqueando a porta do mosteiro de Santa Catalina de Montefaro. Vimos (Alberto López e quen subscribe) un verrón á beira dunha porta que dá ao leste, que foi deseñado para estar nunha parede interior, á maneira dos do cruceiro de S. Francisco de Betanzos ou do de Santa María do Azogue.





3. COMO REMATE DO TELLADO, SOPORTANDO SOBRE O SEU LOMBO UNHA CRUZ FLORENZADA

Na mentalidade ególatra de Andrade, non cabe dúbida de que a primeira idea que debeu ter para dar cumio aos tellados das súas obras foi a de situar alí un porco bravo sen máis. Pero iso suporía un certo choque social, algo así como elevar o porco bravo (Andrade mesmo) ao nivel de Deus, e a humildade franciscana que o cabaleiro tamén quería representar non o permitiría. Por outra parte, o románico da comarca tiña amplos precedentes na utilización da cruz neses lugares, frecuentemente soportada por un animal¹⁶. Por tanto, Andrade (porco bravo) móstrase levando sobre o seu lombo a cruz, isto é, a igrexa mesma, posto que el foi o construtor do edificio e o benfeitor das ordes mendicantes.

4. COMO OBXECTO DE CAZA NOS RELEVOS DO SEU SEPULCRO E DA ÁBSIDA DE SAN FRANCISCO

O sepulcro debeu ser realizado antes da súa morte no 1397. Na fronte posterior do sarcófago vemos dous cabaleiros con «azcuma» que galopan de esquerda a dereita (o de diante toca o corno ou bucina), mentres tres «moços do monte» (con «azcuma»

¹⁶ VALES VILLAMARÍN, Francisco, *Vales Villamarín: obra completa*, Betanzos, Briga Edicións, 2006.



Sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, «o boo» (igreja de San Francisco de Betanzos).

Debuxos: Erias©

os tres e os dous de diante tocando a bucina) indican a dirección cara ao obxectivo: a camada da porca brava, rodeada das súas crías. A técnica da «caza clamorosa» empregaba numerosas persoas: olladores, «omes de bocerío», «mozos de canes», albéitares, picadores, armeiros, carreteiros... segundo o *Libro de la Montería* de Afonso XI, menos cregos, por indicación das *Partidas*¹⁷. Pois ben, esa técnica deu aquí resultado: a camada está ao descuberto e iso pode ser tanto o primeiro paso para atopar o gran porco bravo, como o obxectivo final logo da morte deste, cousa que veremos no outro lado. Na fronte anterior o movemento vai de dereita a esquerda. Dous «moços do monte» tocan a bucina mentres dous cans acosan un gran porco bravo, que é atacado por un monteiro a pé, con azcona, nunha escena moi repetida desde a antigüidade¹⁸. Ao mesmo tempo, aparecen tres cabaleiros, avisados por un «moço do monte» que anuncia coa súa bucina *in situ* o achado doutro gran porco bravo, que vemos atravesado por unha azcona, pertencente ao cabaleiro que está á súa beira e que anuncia o feito coa bucina mentres os outros chegan ao galope coas armas preparadas.

Complementarias destas escenas son as que vemos rodeando a ábsida de S. Francisco, que envolvían nun plano superior os sepulcros de Fernán Pérez de Andrade e da súa primeira esposa Sancha Rodríguez. Iníciase no lado da epístola co escudo de Fernán Pérez, soportado por un porco bravo. Na segunda pedra vemos, de dereita a esquerda, un azor ou falcón sobre unha rama mirando cara a esquerda. Sigue o «moço do monte» que se encarga da bebida (representada por un barrilete) e da comida (unha gran escudilla) e outro con azcona, que indica por onde se foi o porco bravo. E todo iso ocorre mentres dous cans corren detrás dunha lebre ou un coello. Na terceira pedra vemos un cabaleiro empuñando unha azcona mentres galopa. Na cuarta e última, a gran fera turra a toda velocidade, deixando ao seu paso un monteiro e un can mortos, demostrando así a súa perversidade. No lado do evanxeo cóntase a persecución do porco bravo ata que é atravesado por varias azconas e mordido por dous cans, mentres lanza outro can polos aires. Remata o conxunto o escudo que debeu ser alterado por Pedro Fernández de Andrade, ao convertelo no de seu pai, Iohan Freire de Andrade, limpando o campo completamente.

5. COMO SOPORTE, XUNTO AO OSO, DO SEU SEPULCRO

A utilización conxunta destes dous animais como soporte dun sepulcro é un feito orixinal. Na súa xestación interviron, polo menos, os seguintes elementos: a) o precedente, en canto á monumentalidade, dos dous leóns que soportaban o sepulcro da súa esposa, Sancha Rodríguez, na mesma igrexa de S. Francisco de Betanzos, á

¹⁷ Lei XLVII, Título VI, Partida I.

¹⁸ ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, «La eterna caza del jabalí», en *Anuario Brigantino* 1999, 22 (2000); Ídem, «El jabalí dios y el jabalí demonio en los sepulcros galaicoportugueses del siglo XIV», en *Actas do Congreso La caza en la edad media*, Universidad de Valladolid, 2002.

súa vez reflexo, posiblemente, de tumbas reais de Castela; b) a lembranza da visión de verróns antigos na meseta e en Portugal; c) a influencia da crónica do Infante D. João relativa a dous feitos heroicos sobre un oso e un porco bravo, probablemente escrita polo irmán de Fernán Pérez e protector de D. João, Nuno Freyre de Andrade, Mestre de Christus; d) a utilización recente de esculturas destes dous animais nas pontes; e) quizais, xa fose por tradición ou polo ambiente cultural en que se movía Andrade, algún tipo de coñecemento do simbolismo antigo destes animais: o porco bravo símbolo indoeuropeo da casta sacerdotal (a primeira casta) ou poder espiritual, e o oso, símbolo do poder temporal e da casta guerreira.

Convén lembrar que unha serie de pobos pre e protohistóricos da Península Ibérica tiveron como un dos seus signos de identidade a abundante presenza de verróns (en Galicia tamén *varrós* ou *verrós*, e en Portugal *berrões*), esculturas realizadas en bloques de pedra granítica, case sempre, que non só representan cochos (que antigamente tiñan cairos) ou porcos bravos machos, en consonancia coa súa denominación, senón tamén touros. Os vetóns foron o pobo que máis se significou na súa utilización, mais, xunto a eles, tamén esculpiron verróns os seus veciños do oeste, os lusitanos, os do este, os carpetanos, e os do norte: os galaicos, ástures, vacceos e turmódigos. En conxunto, estamos nunha área que se inscribe dentro da chamada Cultura dos Castros, desde o Bronce Final ata comezos da nosa era. Abarca: Ávila, Burgos, Cáceres, Ourense, Pontevedra, Salamanca, Segovia, Toledo e Zamora, así como as portuguesas, Beira Alta, Douro Litoral, Minho e Tras-os-Montes¹⁹.

Os verróns tiñan, en xeral, unha función funeraria (protectora e psicopompa), posto que basicamente consistían na escultura do animal nun bloque de pedra, que se situaba enriba de outro de forma paralelepipedica que tiña na súa superficie superior un oco, aproximadamente cadrado, en que se situaban as cinzas do defunto, en ocasións acompañadas por moedas. A ese oco chegaba desde o exterior unha canle que tiña por función a de recibir libacións dos vivos desde fóra (datos verbais de don Luís Monteagudo, antigo director do Museo de Ávila). Quedan uns 25 con inscrición latina (ss. I e II d. C.) que certifican a función sepulcral. E, ademais, hai outros casos en que aparecen xunto a estelas funerarias e aras votivas. O catálogo de López Monteagudo, de 280 verróns, demostra que todos son machos (fecundadores), tanto no caso dos propiamente ditos, 128, como nos touros, 144. Na *Gallaecia* antiga existen numerosos verróns en Tras-os-Montes, mais na Galicia actual a súa difusión límitase a Ourense con pezas que están destinadas a encaixarse na parede²⁰, o que supón función defensiva da casa, mais non funeraria.

¹⁹ LÓPEZ MONTEAGUDO, *op. cit.*

²⁰ LÓPEZ CUEVILLAS, Florentino, «Esculturas zoomórfas y antropomórfas de la cultura de los castros», en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo VI, fasc. XIX (1951); TABOADA, Jesús, «La cultura de los verracos en el noroeste hispánico», en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo IV, fasc. XII (1949).

CONSIDERACIÓNS FINAIS

1. Nun plano descritivo, nestes sepulcros vemos un tipo de caza que servía de adestramento para a guerra. O porco bravo, con esta óptica, non é máis que unha gran fera que hai que matar, o que nos lembra o espírito aséptico e técnico de Xenofonte no seu *Kynegetikos* (ss. V-IV a. C.), retomado nos libros de montaría medievais con moi poucas consideracións de tipo moral: do que se trata é de cazar o animal e coñecer ben as técnicas para facelo. Así, estas escenas serían a memoria dunha gran cazaría.

2. Mais tamén podemos entrever que os protagonistas resolven os distintos lances de caza seguindo o código non escrito do bo cabaleiro, mediante o que este nunca foxe (herdanza indoeuropea en que o cabaleiro imita e se identifica co porco bravo), axuda ao compañeiro en apuros e enfróntase directamente á fera, xa sexa a cabalo ou a pé. As escenas da ábsida de San Francisco de Betanzos, en que o porco bravo mata cans e monteiros antes de ser abatido, estarían nesta liña. O resultado é pura propaganda política, na liña de facerse aparecer como grandes cabaleiros, con todas as virtudes que se lles supón, ao tempo que herdeiros dos heroes antigos grecorromanos. Desta maneira, procuran o poder se non o teñen, demostran que serían dignos de telo aínda que non o conseguisen ou xustificano se o teñen. Fernán Pérez de Andrade e os fillos bastardos de Don Dinis teñen algo en común, ademais de relacións de amizade documentadas: miran constantemente ao cumio da pirámide social, ao rei, a onde quixeran chegar, mais non chegaron nin poderían facelo, polo que só lles queda imitalo. Este porco bravo (ou o oso no caso de D. Dinis) pasa a ser a gran fera necesaria para que o cabaleiro cumpra os seus obxectivos e, neste senso, é similar ao mítico porco bravo de Calidón enviado pola enfadada Ártemis.

3. Se, por outra parte, adoptamos a perspectiva cristiá, podemos ver un porco bravo-demo, similar ao dragón que mata San Xurxo ou aos infieis que despedaza Santiago, dentro do mundo mental das Cruzadas. O enfrontamento entre cabaleiro e porco bravo debe concibirse, por tanto, como un torneo entre a virtude e o pecado, o ben e o mal, en que o cabaleiro, que patrocina as crónicas e o seu propio sepulcro, sae sempre vitorioso. Así se presenta ao Xuízo Final, tan de moda na época. E, se este non lle fora favorable, aínda lle queda o Purgatorio, reinvento do momento que permite evitar unha condenación inmediata.

4. Sen embargo, aínda que a Igrexa fixo todo o posible por demonizar este animal, antigo deus (Lug, Atis...), non o conseguiu. Verémolo como emblema de cabaleiros e mesmo aparece nun sorprendente capitel da «Grande Audience» do Pazo dos Papas de Avignon, cinxindo a espada, o que nos lembra a antiga identificación (neste caso, absoluta) de porco bravo e guerreiro a través dos cascos celtas, xermanos

etc.²¹ ou dos cascos micénicos recubertos dos seus cairos, semellantes ao que lle regalou Meríones a Ulises, segundo a *Ilíada*. E en Betanzos, a súa imaxe de deus protector e psicopompo semella pervivir no porco bravo que soporta o sepulcro de Andrade. Porque nos remite directamente aos verróns antigos, protectores do sepulcro e guías da alma cara ao Alén. Un porco bravo que tamén utiliza Andrade como emblema persoal.

Sorprende que este renacemento dos sepulcros de tema venatorio se dea na Baixa Idade Media unicamente en Portugal e en Galicia, o que nos autoriza a pensar que é aquí, neste *finisterrae* europeo, onde perviviron con maior forza crenzas ancestrais arredor do porco bravo. O feito de que aínda hoxe se rastrexo doadamente a súa presenza en lendas e tabús ou en amuletos protectores e símbolos de fertilidade e boa sorte, indica que o gran porco bravo, ese deus paleolítico que se antropomorfizou no neolítico como deus que morría e resucitaba para explicar maxicamente o paso do inverno á primavera, da noite á luz, da morte á vida, estivo presente dalgunha maneira na mente dos nosos cabaleiros galaicoportugueses do século XIV.

²¹ ALONSO ROMERO, Fernando, «El significado mágico del colmillo de jabalí entre los celtas y los germanos: testimonios literarios, arqueológicos y etnográficos», en *Filología Alemana y didáctica del alemán*, Universidad de Valladolid, 1989.